

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O COBRAMENTO DA PRESTACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

PARA TODAS AS PRESTACIÓNS

- Españóis: DNI
- Estranxeiros: Pasaporte ou, no seu caso, documento de identidade vixente no seu país e NIE esixido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para os efectos de pagamento
- Solicitud de pagamento directo
- Comunicación de datos ao pagador (modelo 145)

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA

Réxime Xeral (0111)

Para todas as solicitudes tanto de Continxencias Comúns (CC) como de Continxencias Profesionais (CP): fotocopia da nómina do mes anterior á baixa médica (no caso de contrato a tempo parcial, as nóminas dos tres meses anteriores). Para as solicitudes de Accidente de Traballo é necesario que a empresa comunique o parte de accidente polo Sistema Delt@ ou Conta.

Documentación específica no caso de:

- Fin da relación laboral**
 - CC/CP**→ No caso de despedimento: Recoñecemento do despedimento improcedente con aceptación da liquidación polo traballador, ou acta de conciliación, no caso de avinza, ou Sentenza Xudicial. No caso de Expediente de Regulación de Emprego, copia do Expediente de Regulación de Emprego, con selo de entrada da Autoridade Laboral.
 - CC**→ Certificado/s da empresa das cotizacións dos 180 días anteriores á extinción de contrato. Se o último contrato é inferior a 180 días, deberá achegar certificados inmediatamente anteriores, ou na súa falta un informe das bases de cotización da Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Incumprimento empresarial.** En ambas as continxencias:
 - Denuncia ante a Inspección de Traballo.
 - Declaración xurada asinada polo interesado que solicita a prestación.
 - Certificado da empresa especificando a data desde a que o interesado non percibe a IT e non se aplican deducións nos seguros sociais; ou ben, a acta de infracción da Inspección de Traballo na que conste o devandito incumprimento.
- Exención de pagamento delegado.** En ambas as continxencias:
 - Certificado da empresa que especifique a data desde a que non se van efectuar descontos.
- Esgotamento do prazo (545 días de IT).** En ambas as continxencias:
 - Fotocopia da última nómina, na que conste o último día aboado pola empresa.
- Desconformidade da alta do INSS (art. 128 LGSS).** En ambas as continxencias:
 - Certificado da empresa coa data de reincorporación ao posto de traballo.

Artistas (0112) e Profesionais Taurinos (0114)

- Declaración de actividades (TC4/6) e xustificantes de actuacións (TC4/5) que non foran presentados na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
 - A Mutua solicitará á Tesourería da Seguridade Social un informe certificando a Base Reguladora da IT referida ás bases de cotización dos 365 días anteriores á baixa médica.

Representantes de Comercio (0111)

- Fotocopia da nómina do mes anterior á baixa médica (no caso de contrato a tempo parcial, as nóminas dos tres meses anteriores).

Sistema para Empregados de fogar (0138)

- Certificado do empregador ou xustificante de pagamento do mes anterior á baixa médica no que conste a base de cotización do empregado de fogar.

Sistema Especial Agrario (0163)

- Fotocopia do documento de cotización (TC2/8) do mes anterior á baixa médica, ou tres meses anteriores á baixa médica se se trata dun contrato fixo descontínuo. Na súa falta, pode achegar un certificado da empresa ou as nóminas correspondentes.
- Declaración do traballador na que certifique a inclusión no Sistema de Inactividade (0161). No caso de cotizar por inactividade, debe achegar os dous xustificantes anteriores á baixa médica. Se non cotiza por inactividade, debe facelo constar no devandito certificado.
- Para os efectos de realizar a cotización da súa cota obreira, a Mutua solicitará á súa empresa todos os meses o certificado de xornadas reais.
- Extinción contractual (só CC)**→ Certificado/s da empresa das cotizacións dos 180 días anteriores á extinción de contrato. Se o último contrato é inferior a 180 días, deberá achegar certificados inmediatamente anteriores ou, na súa falta, un informe das bases de cotización e das xornadas reais realizadas da Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Traballadores Autónomos (0521 e 825)

- Fotocopia do boletín de cotización do mes anterior á baixa médica.
- Declaración da situación de actividade.
- No caso de adiamento de débeda, deberá achegar a resolución da Tesourería Xeral da Seguridade Social que aproba o devandito adiamento.
- CC Parte de baixa médica
- CP Parte de accidente tramitado por Delt@ ou CoNTA

Réxime Especial do Mar Conta Allea grupos 2 e 3

- Mesma documentación que o Réxime Xeral

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O PAGAMENTO DA SÚA INCAPACIDADE TEMPORAL:

Prazos:

O pagamento da súa prestación efectuarase do 1 ao 5 de cada mes, sempre que cumpra os seguintes requisitos:

- A documentación completa se presentara antes do día do mes anterior marcado no calendario adxunto. (agás pagamentos por Incumprimento da obriga empresarial e Sistema especial agrario)
- As solicitudes de pagamento deberán estar completas, cubertas correctamente e con datos actualizados, e deberase comunicar a esta entidade calquera variación.
- Continxencia Común: Os partes de confirmación poderán presentarse unha vez ao mes segundo o calendario establecido para tal fin por esta entidade.
- O período de pagamento dependerá dos partes de confirmación da súa baixa presentados; calquera parte presentado con posterioridade á data indicada aboarase ao mes seguinte.
- **Para os novos modelos de parte de confirmación**, o pagamento estará condicionado á data da seguinte revisión médica.

Indicacións:

- O seu pagamento estará vinculado á atención pola súa banda, ás peticións de información, probas e citacións que poden realizarlle os Servizos médicos da mutua dentro das súas facultades de seguimento e control.
- A incomparecencia inxustificada aos recoñecementos médicos establecidos supón a suspensión cautelar da prestación económica que vén percibindo.
- Para calquera dúbida ou consulta sobre a súa prestación deberá dirixirse á Dirección Territorial desta mutua onde se tramitou a súa solicitude.